



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA A PROFESIONAIS SANITARIOS SOBRE ATENCIÓN A MULLERES E MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra, Don Manuel Boquete París, presidente do Colexio Oficial de Médicos de Lugo - CIF Q 2766001H-, en representación do mesmo, de acordo co sinalado na Orde do 25 de maio de 2009 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Médicos de Lugo,

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e acordar e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e o control e desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Un dos principios reitores que conforman o Sistema Público de Saúde de Galicia, en tanto que conxunto de recursos, medios organizativos, actividades, servizos e prestacións públicas que teñen por finalidade a promoción e a protección da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria, a rehabilitación e a reinserción social, é a cooperación intersectorial, como elemento de cohesión das políticas de todos os sectores con





responsabilidades sobre a saúde.

Así mesmo, corresponde á administración autonómica sanitaria desenvolver actuacións de mellora e adecuación das necesidades de formación do persoal ao servizo da organización sanitaria, incluíndo actuacións formativas dirixidas a garantir a súa capacidade para detectar, previr e tratar a violencia de xénero.

SEGUNDO

Que o Colexio Oficial de Médicos de Lugo é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, entre os que destacan os de ordenar, no ámbito da súa competencia, o exercicio da profesión, e, polo que respecta ao presente instrumento de colaboración,

Ten entre os seus fins, a promoción por todos os medios ao seu alcance da constante mellora dos niveis científico, cultural, económico e social dos/as colexiados/as. Velar en todo momento polo correcto comportamento profesional, esixindo dos/as colexiados/as a preparación e pericia obxectivamente requirida así como a utilización dos medios adecuados para o correcto exercicio profesional. Todas as demais funcións que sexan beneficiosas para os intereses profesionais e que sexan encamiñadas ao cumprimento dos obxectivos colexiais, de acordo cos intereses da sociedade.

TERCEIRO

Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, , modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

No artigo 15 da dita Lei recóllese a necesidade de que a Xunta de Galicia garanta e promova a formación en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero, e en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, dos educativos, das Forzas e Corps de Seguridade e das operadoras e dos operadores xurídicos.

CUARTO

Que o 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscrición dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da





violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se inclúiran un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliase, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro.

O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores.

QUINTO

Que o documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero prevé distintos tipos de medidas das cales, no que se refire ao presente convenio, cabe citar as seguintes:

- utilizar as consultas médicas, centros sanitarios e farmacias como plataformas informativas sobre a violencia de xénero, con carteis, folletos, etc. (Medida 28)
- potenciar no marco da II Estratexia Nacional para a Erradicación da Violencia de Xénero e dos convenios que se asinaron con esta finalidade, a participación dos farmacéuticos/as nesta loita, procurándolles formación nese eido (Medida 221)

SEXTO

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar a profesionais do ámbito sanitario unha formación especializada dirixida á prevención e á





detección de casos de violencia de xénero.

SÉTIMO

A Consellería de Sanidade estima de interese público establecer unha liña de traballo conxunto para impulsar a formación especializada en violencia de xénero para profesionais sanitarios/as, e por tal motivo propónse a colaboración co Colexio Oficial de Médico de Lugo para canalizar o dito interese.

Por todo o indicado, as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Colexio Oficial de Médicos de Lugo para a posta en marcha, desenvolvemento e financiamento de accións de formación especializada dirixidas a profesionais da medicina, sobre prevención e atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

Dentro da formación que se imparta introducíranse módulos específicos sobre menores e violencia de xénero, mulleres estranxeiras, aspectos psicolóxicos e sociais (recursos e programas en Galicia), en relación coa violencia de xénero.

O carácter singular do presente Convenio ven determinado por razóns de interese público, e cómpre sinalar que na nosa Comunidade Autónoma, só no pasado ano 2018, 1.583 mulleres foron vítimas directas da violencia de xénero, 3 delas con resultado de morte, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar ás súas vítimas, neste caso a través de accións de formación especializada a profesionais do ámbito xurídico, e leva á Xunta de Galicia a establecer a presente colaboración.

SEGUNDA.-Compromisos das partes.

a) A Consellería de Sanidade comprométese a facilitar material informativo e de sensibilización a prol da detección e eliminación da violencia de xénero ao Colexio Oficial de Médicos de Lugo para a súa distribución nas accións formativas, así como a poñer a disposición do dito colexio profesional materiais formativos sobre violencia de xénero, de xeito que permita ás e a aos profesionais ampliar os seus coñecementos ao respecto. Así mesmo, porá á súa disposición persoal técnico especializado para a coordinación conxunta de actuacións.





b) O Colexio Oficial de Médicos de Lugo comprométese a poñer en marcha e desenvolver accións de formación específica sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero a través de cursos, seminarios, xornadas, conferencias, coloquios, etc...

O Colexio Oficial de Médicos de Lugo prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, á Consellería de Sanidade, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- Orzamento

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, a Consellería de Sanidade achegará a cantidade máxima de 15.000 €. Esta cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 1201.411A.481.1 (código de proxecto 2018 00112), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2019, derivados da posta en marcha e funcionamento das accións formativas previstas neste convenio.

Esta achega non é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.-Duración.

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2019.

QUINTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto dependentes do Colexio Oficial de Médicos de Lugo e a Xunta de Galicia, de tal xeito que, por este concepto non se lle poderá esixir a esta administración ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

SEXTA.- Xustificación e Pagamento.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, mediante a





presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.
- **Certificación** expedida polo órgano competente do Colexio Oficial de Médicos de Lugo, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Orixinais das facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** -nos termos do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas- de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** -nos termos do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro- de cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especificamente, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos de accións realizadas e pagadas entre o 1 de abril de 2019 e o 15 de decembro de 2019, e deberá presentarse na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade con **data límite o 20 de decembro de 2019**. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe





subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

SÉTIMA.-Causas de extinción.

Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio

OITAVA.- Protección de datos

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), o Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Sanidade, en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

NOVENA.- Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes do presente Convenio comprométese a destacar nas actividades que se realicen para a difusión das accións previstas no convenio, a colaboración prestada polas outras partes asinantes.





DÉCIMA.- Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

UNDÉCIMA.- Seguimento e Control

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do Convenio serán resoltas pola Consellería de Sanidade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Consellería de Sanidade: o secretario xeral técnico, que poderá dispor que o substitúa algún/ha funcionario/a dese departamento.
- Polo Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo, o seu Presidente ou persoa que este dispoña para que a substitúa.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado e a un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

O Conselleiro de Sanidade

Jesús Vázquez Almuiña

O Presidente do Colexio Oficial
de Médicos de Lugo

Manuel Boquete París